

TUCAN  10+

Safari

MAITE CARRANZA

Il·lustracions de Manuel Ortega

LER
PARA
SABER


PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
INFANTIL

rodeira

Actividades



rodeira



LEER
PARA
SABER

Actividades

1. Completa a ficha bibliográfica do libro.

Título:
Autor/a:
Ilustrador/a:
Editorial:
Colección:
Ano de edición:
Lugar de edición:
ISBN:
Número de páxinas:

2. As seguintes palabras fan referencia ás partes externas dun libro. Defíneas e describe que tipo de información aparece en cada unha delas:

CUBERTA:

LAPELA:

LOMBO:

3. Observa a ilustración que hai na portada do libro e comenta os elementos que aparecen nela: figuras, personaxes, paisaxes...

Que che suxire?



4. Na portada do libro aparece o nome do ilustrador: Manuel Ortega.

* En que consiste o traballo dun ilustrador/a?

* Busca información sobre o ilustrador do libro.

5. Deseguido propómosche que fagas de Manuel Ortega e que continúes este debuxo á túa maneira. Trátase de que imaxines e o acabes de debuxar partindo desta imaxe (que engadirías, se poñerías personaxes ou non...).



- * Explícalles o debuxo que fixeches aos teus compañeiros tentando xustificar os elementos que engadiches.

6. Busca, en Internet e no propio libro, información sobre a autora da obra, Maite Carranza. Fai un resumo cos datos que consideres máis importantes da súa vida e da súa obra:

* Datos biográficos.

- 7.** Resume o argumento do libro sen utilizar as seguintes palabras ou expresións (máximo 15 liñas):

Linguaxe de signos – mono – cazadores – hotel – escapar
asustado – perdido – xefe – mudo – cría

8. No capítulo 7, Dani tenta volver ao resort seguindo a pista forestal, pero acaba perdido no medio da selva.

Ponte no seu lugar e argumenta:

a) Como cres que se podía sentir no momento no que quedou só?

b) Que alternativas tiña Dani para escoller?

c) Cres que fixo ben?

d) Que farías ti no seu lugar?

* Expón as túas respostas perante a clase e escoita as dos compañeiros. Defende a túa postura

9. Cando queda só na selva, Dani presume de que o cálculo matemático dáelle ben e calcula que, posto que a viaxe en coche desde o hotel durou 2 horas, tardará unhas 6 en volver camiñando.

* Tendo en conta que unha persoa camiña uns 5 km/h de media, a que distancia se atoparía Dani do hotel?

* Cal foi a velocidade media dos vehículos ao longo do percorrido?

* Se no mesmo momento no que Dani inicia o camiño de volta saíse un coche do hotel na súa dirección, cando se atoparían?

* Que distancia percorrería cada un?

I. Escribe unha frase con cada unha das seguintes expresións que aparecen no libro. Se non coñeces o seu significado, búscas nun dicionario ou pregúntalle a alguén:

- Varréuseme a memoria –
- Para máis inri –
- Que me quere papar –
- Ir á súa bóla –
- Ten as súas pegas –
- Durmir coma unha pedra –
- Nun dicir amén –
- Pártome –

II. No capítulo 19, Dani atópase nun dilema: «Mary Jo afástase nunha dirección e o meu grupo de chimpancés vai na contraria». O protagonista, Dani, pídlle axuda ao lector e pregúntalle: «Vós que fariades?».

Intenta poñerte no seu lugar e axúdalle dándolle uns argumentos convincentes.

Defende a túa postura ante os compañeiros nun debate na clase. Podedes agruparvos aqueles que teñades a mesma opinión para preparar a vosa intervención.

12. Pouco despois de que Xúpiter dese a luz a Venus, Goliath ataca a Dani, e este acaba berrando para pedir axuda. Rapidamente chegan ao lugar a maior parte dos membros da manda para lle axudar e, entre todos, conseguen que o gran macho se someta ao grupo. Nese momento, Dani entende a frase «a unión fai a forza».

* Mira este vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=rJJzccSGTQQ>

* Despois de ver o vídeo, podes explicar o significado desta frase?

* Presenciaches algunha vez unha situación na que se poida dicir que «a unión fai a forza»? Púidose resolver esa situación doutra maneira? Explícaa.

13. No capítulo 21, faise referencia a que Berto, o pai de Dani, e a súa irmá Lulú pegáronse a gran vida en Nairobi visitando ONG. En grupos de tres ou catro persoas, buscade a seguinte información:

* Onde está Nairobi? De que país forma parte?

- * Sitúa o país e a cidade no mapa do continente africano. Pinta e nomea os países cos que fai fronteira.



* Buscade a súa bandeira e pintádea coas cores correspondentes.

* No capítulo 7, cando Dani queda só na selva, fai unha listaxe mental dalgúns dos animais que habitan na selva: leóns, panteras, hienas...

Coa axuda de Internet, buscade información sobre a fauna que hai en Kenya. Elaborade un pequeno mural coa información atopada.

14. Busca na sopa de letras 12 nomes dalgúns dos chimpancés do grupo de Dani:

V	P	K	R	T	R	S	A	N	S	O	N	M	C
E	E	H	O	Q	F	A	I	G	X	I	C	U	H
N	P	G	S	I	L	A	A	U	U	H	X	V	U
U	E	P	O	E	Q	N	J	A	P	D	B	A	C
S	C	U	R	W	A	G	O	L	I	A	T	H	H
T	Y	T	G	S	A	U	Q	I	T	N	O	O	O
U	S	C	I	Y	Z	S	O	P	E	I	B	L	N
E	K	U	T	X	A	N	A	Q	R	E	O	A	L
Ñ	C	H	O	R	O	N	I	L	P	M	I	M	I
D	A	U	L	Ñ	A	M	E	R	C	U	R	I	O

15. A que personaxes do libro corresponden as seguintes características:


- Infantil, celosa, caprichosa e lunática.
- Sempre preocupado pola saúde, acabou fundando unha ONG.
- Peculiar, impulsiva.
- Impresionable e medorento. Considérano raro e malcriado.
- Intelixente, educada e encantadora, atérralle voar.
- Intelixente, testán e sentimental, non lle gusta o frío.
- Maltratador, machista e egoísta.
- Intelixente, simpática e traballadora. Experta en chimpancés e en croquetas.

* Como te definirías ti nunha liña?

* Como cres que te poderían definir os teus compañeiros?

* Introdúcese as definicións persoais nunha caixa ou bolsa e íde sacándoas unha a unha. Quen será o primeiro en acertar a quen fai referencia?

16. Describe algunha situación que se dá no libro e que corresponda coas seguintes emocións:



* Ponte en situación e expresa co teu corpo (xestos, movementos, ruídos...) as emocións anteriores. Serás capaz? Podes utilizar algún accesorio para a representación (música, roupa, perruca...).

- 17.** A partir do capítulo 20, no momento no que Dani se reencontra con Mary Jo e o guía, atopámonos co inicio do final da historia.

Serías capaz de continuar e acabar a historia elixindo unha destas opcións?

- * Dani decide no último momento non ir detrás do coche de Mary Jo e quedar cos chimpancés.
- * Dani volve con Mary Jo, e na rolda de prensa que ten lugar no hotel é incapaz de coller o micro e falar para poder denunciar o Dr. Stevenson.
- * Dani volve con Mary Jo e atópase cun panorama desolador: esta namorouse do bolseiro Ralph.

- * Pódeslle ler o teu relato ao resto da clase.

- 18.** A exposición do vídeo gravado por Mary Jo, onde se mostra a expulsión do xefe Goliath por parte do resto do grupo e como se comunican entre eles mediante signos, conduce á convocatoria dunha rolda de prensa.

En grupos de 2-3 alumnos, pensade e elaborade que preguntas lles fariades na rolda de prensa a algún, ou algúns, dos membros do grupo de investigadores: Dr. Stevenson, Samba, Dani, Mary Jo, Sophie...

- 19.** Despois de ler a obra:

* Por que cres que a autora a titula *Safari*?

* Pensa un novo título para o libro e xustifícao.

* Resume nunha frase o argumento do libro.

20. Fai unha valoración crítica do libro que liches:

* Gustouche a novela? Razona a túa resposta.

* Liches algunha obra de temática parecida? Cal?

* Recomendaríaslles a lectura desta novela aos teus amigos? Razona a resposta.